

# "HAI QUE CONSTRUÍR DE NOVO UNHA POLÍTICA FORESTAL"

Alberte Blanco, Director xeral de Montes



A Dirección Xeral de Montes (Consellería de Medio Rural) ostenta responsabilidades en política forestal e a loita contra o lume. O seu titular, Alberte Blanco, asistiu ás Xornadas sobre Incendios Forestais organizadas por ADEGA para explicar as medidas de actuación que están a impulsar para afrontar a problemática do lume en Galiza. A continuación reproducimos, resumidamente, o contido da súa intervención.

Para saber o calado que poden ter as medidas adoptadas polos responsábeis políticos contra os incendios forestais, antes débense coñecer as características do monte galego. No noso monte hai 2 millóns de Has forestadas, das que 1,4 millóns son arboradas, onde o 98% das propiedades son privadas, máis de 600.000 Has son montes de mancomún e o resto está repartido entre 670.000 propietarios. Tan só 1.200 Has de monte están xestionadas pola consellería.

En canto as especies arbóreas, segundo os datos oficiais do Inventario Forestal Nacional, no noso territorio abunda o piñeiro, o carballo e o eucalipto. Os bosques galegos representan o 9% dos bosques estatais e de Galiza procede o 16% da madeira do Estado.

Os factores que valora a Consellería de Medio Rural como causas estruturais dos lumes son a dispersión dos núcleos poboacionais, o caos urbanístico (vendas illadas no monte), o avellentamento

da poboación rural e éxodo da xuventude cara as cidades, o abandono masivo do sector primario (de 500.000 activos agrarios en 1986 a 100.000 na actualidade), a atomización da propiedade forestal (unha media de 2 Has por propietario), a baixo valor comercial da nosa madeira e o uso cultural do lume nas prácticas agroforestais (arredor de 1.000 queimas diarias).

No período de crise, entre o 4 e 15 de agosto de 2006 a intensidade e número de lumes ocasionados intencionalmente na franxa costeira atlántica de Galiza disparou a alarma. Chegáronse a producir 200 incendios simultáneos nunha mesma xornada, o que se traduciu na queima de 78.000 Has de monte, o 60% arborado, e na afección de 7.700 entidades de poboación por lumes de nivel 1 e 2. Santiago, Barbanza, Pontevedra, e o Salnés foron as comarcas máis prexudicadas polo lume. Os incendios arredor das autoestradas, doutras vías de comu-

nicación e das casas acapararon todos os medios de extinción. Duplicouse o número de detencións de delincentes incendiarios con respecto a outros anos.

Entre as causalidades do lume tivemos unha situación climática excepcional en Galiza, onde, por outra banda, o crecemento da biomasa é moi superior a outros países do entorno. As características específicas deste verán máis as causas estruturais deron lugar a unha situación catastrófica de emerxencia para o conxunto do país, onde se viu afectado o monte e tamén as vidas humanas.

As medidas de actuación nas que leva traballando a Administración non van ter unha eficiencia inmediata, aínda que se axilicen, como xa se está a facer. É necesario traballar en conxunto con todos os sectores implicados ou vencellados coa problemática do lume a través da activación dun novo organismo, o Consello Forestal de Galiza. Outro organismo creado *ad hoc* foi a Mesa da

Madeira, un foro para debater cuestións máis específicas do sector madeireiro, como a retirada rápida da madeira queimada tras o lume e da madeira con valor comercial. Os planos da Consellaría de Medio Rural teñen tres prazos de execución, que se corresponden con medidas urxentes, medidas a curto prazo e medidas a medio prazo.

### MEDIDAS URXENTES

Logo dos incendios, a consellaría desenvolveu un Plano de Loita contra a Erosión nas zonas de maior vulnerabilidade, onde se acordaron con expertos as posibilidades e manobra, atendendo á cantidade de superficie queimada no noso país e a agravante situación climática de pluviometría intensa. Como primeira medida, acordouse a retirada da madeira queimada para poder proceder á restauración multifuncional do monte, unha tarefa que pretende extraer nun ano entre 4 e 5 millóns de metros cúbicos de madeira, o 80% daquela con valor comercial.

Para este tipo de actuacións inmediatas investíronse arredor de 11 millóns de euros. En Galiza nunca antes se destinaran tantos cartos en actuacións de emerxencia derivadas da incidencia do lume. Entre estas actuacións cabe destacar: a conservación dos solos e contención da erosión, o control fitosanitario e a eliminación de pés queimados, o apoio á rexeneración natural de especies frondosas que fagan de barreiras naturais, a restauración hidrolóxica-forestal, a creación de puntos de auga integrados no medio, devesas, faixas auxiliares e melloras de vías e camiños forestais.

Outra cuestión inaprazábel e urxente foi a reforma do Servizo de Extinción a favor da profesionalización, xa que o anterior SPDCIF (Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais) só dedicaba unha terceira parte do persoal fixo e fixo discontinuo á extinción en época estival, téndose que enfrontar a situacións complexas preto de vivendas. Aliás, é urxente a creación dunha unidade específica policial, especializada na loita contra os incendios forestais e ben dotada que terá que ser asumida pola Policía Autonómica coa colaboración do Ministerio de Interior.

### MEDIDAS A CURTO PRAZO

A Consellaría de Medio Rural está a desenvolver medidas a curto prazo que versan sobre todo en modificacións da

## "SITUACIÓNS CRÍTICAS VANSE REPETIR NO FUTURO POR INCIDENCIA DO CAMBIO CLIMÁTICO"

EMILIO FERNÁNDEZ, DIRECTOR XERAL DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL (CONSELLARÍA DE MA)

O director xeral de Desenvolvemento Sostíbel, Emilio Fernández, afondou na causalidade climática como principal factor extraordinario da última vaga de lumes de Galiza. A climatoloxía favorábel aos incendios, temperaturas mínimas moi elevadas, condicións de humidade extraordinariamente baixas, un vento de nordés intenso e frecuente, xunto coa disposición de combustíbel e a intención criminal de queimar "foron os desencadeantes dunha situación de emerxencia", explicou Emilio Fernández. O representante da Consellaría de Medio Ambiente anunciou que este tipo de situacións críticas vanse repetir no futuro por incidencia do cambio climático, xa que todas as previsións indican que as temperaturas van ser cada vez máis altas (mínimas e máximas), os índices de humidade evolucionan á baixa e a intensificación do vento de norte e nordés será habitual nas vindeiras décadas.

A este respecto, a Consellaría de Medio Ambiente, xunto con outros organismos como as universidades, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e outros centros de investigación, acaba de lanzar un Plano de Adaptación ao Cambio Climático que pretende, entre outras cousas, reducir os impactos previsíbeis deste cambio sobre o medio forestal. Nos últimos 30 anos, a temperatura en Galiza incrementouse en 1,2°C, o que significa que estamos ante unha situación de risco.

Por outra parte, Emilio Fernández destacou a creación dunha nova lei de Avaliación Ambiental Estratéxica como medida que contribúa á ordenación racional do territorio e á prevención de incendios. Esta lei obriga á Administración a consultar a todos os sectores sociais sobre os criterios de sostibilidade que rexan os planos ou liñas estratéxicas de desenvolvemento do país antes de seren elaborados. Estarán suxeitos a esta avaliación pública tanto os planeamentos urbanísticos do país coma os planos de prevención contra os incendios forestais. Para iso hai que concretar os criterios de sustentabilidade a aplicar.

lei e novas propostas lexislativas. A nova Lei do Banco de Terras permitirá a mobilidade de terras improdutivoas fundamentalmente para dinamizar as terras abandonadas e pasto das lapas que poderían estar ao servizo dos emprendedores que queiran facer algo no medio rural.

Coa nova Lei de Prevención e Extinción de Incendios Forestais intentarase resolver problemas estruturais como a

atomización da propiedade, fomentar a agrupación de propietarios mediante unidades de xestión adecuadas que permitan que se poidan facer liñas de defensa contra os incendios e, paralelamente, que se poidan ter explotacións rendíbeis desde a perspectiva forestal ou agro-silvo-pastoril.

A creación dunha Lei de Montes significa comezar de cero para a Consellaría de Medio Rural: practicamente hai

© Alberte SR



que construír unha política forestal de novo porque a que había era inexistente ou caótica. A nova Lei de Montes dará un tratamento específico aos montes veciñais, que estarán sometidos a unha revisión histórica e legislativa na súa funcionalidade.

Dentro do planeamento de prevención, acometeranse medidas cara a ordenación do territorio no seu conxunto a través da interacción con outros organismos autonómicos como a Dirección Xeral de Planificación Territorial.

Tratarase de definir os usos do territorio, forestais ou non forestais, evitando as interferencias de usos que existen na actualidade. A Lei galega de prevención e defensa dos incendios forestais, xunto co Decreto 105/2006 impulsado por Medio Rural, polo que se limita o uso forestal no contorno dos núcleos rurais, se regulan as plantacións forestais e a "limpeza" perimetral dos núcleos poboados en potencial perigo, son as dúas novidades legislativas máis destacábeis en materia de prevención. A actividade preventiva en 2006 viuse limitada polas


dotacións orzamentarias; aínda así incrementáronse os convenios de desbroce cos concellos galegos e o número de subvencións a comunidades de montes con respecto a 2005.

### MEDIDAS A MEDIO PRAZO. POLÍTICA FORESTAL



A medio prazo desenvolverase unha nova política forestal marcada polas seguintes medidas:

- Plano Estratéxico de Prevención de incendios nas proximidades de núcleos. Ao longo de 2007 actuarase sobre 3.000 núcleos de poboación (o 10% do total do país) creando cinturóns de seguridade e faixas de xestión de combustíbel.
- Plano de mellora xenética e loita contra as pragas.
- Plano de Extracción de biomasa forestal residual. Xestionarase o combustíbel non necesario para os montes galegos.
- Plano de Xestión de zonas de alto valor forestal, incrementando a diversificación de especies, planificando e xestionando a súa localización. Farase con caducifolias autóctonas e outro tipo de masas exóenas pero que neste momento teñen un alto valor produtivo, ámbalas dúas compatibles sempre que se faga un plan de coexistencia tendo en conta cales son os valores forestais e económicos do noso país.
- Plano de Fomento das empresas vinculadas ao sector.
- Plano de Desenvolvemento do Medio Rural, potenciando sistemas mixtos de xestión agrosilvo-pastoril, para mitigar a incidencia do lume, e proxectos singulares para emprendedores no medio rural.

Para todo isto consideramos imprescindible un grande pacto forestal e para o desenvolvemento do medio rural, con todos os políticos e con toda a sociedade. Só así se pode facer unha política non caduca, que non dependa do grupo político que estea gobernando. Se non facemos un pacto político que favoreza o cambio estratéxico da faciana do noso monte nas próximas xeracións, sería un grande fracaso colectivo do noso país.



**CARBALLO**  
PORTA DA COSTA DA MORTE



[www.carballo.org](http://www.carballo.org)